

## Calendario

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Por que celebramos o nacemento de Xesús Cristo o 25 de decembro?*

O *Calendario Xuliano*, aínda que moi semellante ao actual, era imperfecto sobre todo porque non tiña en conta un fenómeno descuberto por Hiparco de Micea no ano 125 a. C. coñecido como *precesión equinoccial*.

A Terra non é una esfera perfecta senón que ten un avultamento no Ecuador. Ao movemento de rotación (que dura arredor de 24 horas) e ao de traslación (que dura un ano solar) hai que engadir esta alteración provocada pola deformidade da esfera e o balanceo conseguinte, e como consecuencia o Sol retarda a chegada á mesma posición con respecto á Terra uns 11 minutos e 14 segundos cada ano solar.

No primeiro Concilio de Nicea (ano 325 d. C.), decátanse desa desviación e corríxen o calendario de maneira que a data do solsticio de inverno pasa do 25 ao 21 de decembro. Móvese a data do solsticio pero non a do nacemento de Xesús, como tampouco se modifica a data do nacemento de Mitra nin a de celebración do *Dies Natalis Sol Invictus*, que sigue sendo o 25 de decembro. Mitra era deus oficial en todo o imperio romano desde o 62 a. C. e o gran rival do cristianismo ata que o seu culto foi declarado ilegal no ano 391 d. C.

Para comprobar o desfase provocado pola *precesión equinoccial* debemos contar os anos entre o 45 a. C. (cando Xulio César actualiza o calendario) e o 354 d. C. (cando se fai oficial o 25 de decembro como data de nacemento de Xesús); multiplicamos eses 11 minutos e 14 segundos de perda anual por ese número de anos e veremos que coincide, máis ou menos, con eses 3 días e pico de diferenza que hai entre a data correcta do solsticio de inverno (21 de decembro) e a de nacemento de Xesús na noite do 24 de decembro.

#### **Dies Natalis Sol Invicti**

O culto ao Sol Invicto, o *Dies Natalis Solis Invicti*, instituído por Aureliano no ano 274, celebrábase en



Roma cando a luz do sol comezaba o seu renacemento no solsticio de inverno, daquela o día 25 de decembro. Os fieis acudían a un santuario de onde sacaban en procesión unha imaxe do Sol representado por un neno recién nacido. Constantino decretou no ano 321 que o *Dies Solis*, o Día do Sol, sería o día de descanso entre os romanos e os emperadores representábanse coa cabeza radiada, como soles, e as súas insignias portaban o lema *Soli Invicto*. Tamén Mitra se identificaba co Sol, e máis adiante Xesús Cristo representaba o renacemento da luz, así que a fixación oficial do seu nacemento na data do solsticio de inverno non presenta dúbidas.

No ano 380, tras a prohibición de todas as relixións agás a cristiá por Teodosio, acabaron as celebracións do Sol Invicto. No ano 383 o *Dies Solis* pasou a chamarse *Dies Dominicus*, Día do Señor (actual domingo) e o *Dies Natalis Sol Invictus* pasou a ser o *Dies Natalis Domini Iesu Christi*.

Seguramente tivo moito que ver nesta decisión a identificación de Mitra co Sol, igual que o tería máis adiante a identificación de Cristo co renacer da luz e coa fixación oficial do seu nacemento na data do solsticio de inverno.

### **Mitra**

Deus de orixe persa, derivado probablemente do Mitra hindú, asociado ao sol e á luz. O seu culto foi popularizado no occidente europeo polas lexións romanas. O mitraismo tiña carácter místico e gozou de moito predicamento entre os romanos. Compartía co cristianismo moitos dogmas e entre os ss. I e IV d. C. competiron por ser a relixión dominante.

*Na cidade de Lugo descubriuse, nun soar situado entre a catedral e a muralla, un altar dedicado ao deus Mitra.*

*Na inscrición da ara, o dedicante, Gao Vitorio Vitorino, un centurión da lexión sétima xémina antoniniana e recador de impostos, pídelo ao deus a protección da oficina de recadación e dos libertos Segundo e Vitor.*

*Este achádego confirma a existencia dun templo mitraico do s. I-II d. C. en Lucus Augusti, único descuberto ata o de agora no noroeste peninsular.*

[Extracto do libro “Trece noites, trece lúas. Libro das marabailas do Nadal (Mitos, ritos, lendas e tradicións do Nadal en Galicia e no mundo de arredor)”, Xerais, 2011]

As ilustracións son de [Noemí López](#)